



COMUNICACIÓN RELATIVA A AXUDAS INDIVIDUALIZADAS TRANSPORTE ESCOLAR -CURSO 2021-2022

Beneficiarios/as:

Pode solicitar axudas individualizadas o alumnado matriculado no curso 2021/2022 en centros educativos públicos con dereito a transporte escolar gratuito (Educación infantil, primaria e secundaria obrigatoria) que por diversas circunstancias non poida facer uso das rutas de transporte escolar existente.

O alumnado de Formación Profesional Básica que non poida facer uso de rutas de transporte escolar en centros educativos públicos pode solicitar axudas de acordo co disposto na Instrución que aproba anualmente a Secretaría Xeral Técnica da Consellería e sempre que cumpran os requisitos que se establezan.

O alumnado escolarizado en centros de educación especial, cando non poidan empregar rutas con contrato de transporte escolar ou de convenios con asociacións, sempre que a distancia desde o domicilio familiar ou as circunstancias do entorno relacionadas co tipo de discapacidade así o xustifiquen ou en virtude de resolución de escolarización, debe solicitar axudas individualizadas.

No caso de necesidade de transporte puntual cumprindo os requisitos e a ruta non se encontre incluída nos novos lotes de educación ou mobilidade e tampouco sexa susceptible de inclusión neles, sempre que sexa viable concederese axuda individualizada que compense aos proxenitores para o traslado en vehículo propio de non existir transporte regular axeitado no horario escolar. No caso de non dispoñer de vehículo ou non ter dispoñibilidade de transporte regular poderase valorar a contratación dun taxi polos pais

Requisitos:

O alumnado beneficiario pode solicitar axuda para sufragar os gastos de desprazamento desde o seu domicilio ao centro docente ou a parada de transporte escolar ou regular máis próxima **cando a distancia sexa superior a 2 km calculada utilizando o itinerario máis directo, sen desvíos e rodeos innecesarios.**

En caso de existir máis dun domicilio familiar considérase como domicilio de residencia o máis próximo ao centro. Non hai axudas para 2º domicilio por conciliación da vida familiar e laboral.

Para poder ser usuario de dereito do servizo o alumnado **deberá estar escolarizado no centro que lle corresponda, segundo a situación do seu domicilio e a distribución das áreas de influencia establecida** ou en casos excepcionais contar cun ditame ou comunicación de escolarización forzosa emitido pola Administración Educativa.





Nos centros escolares con transporte integrado durante o curso o servizo de Mobilidade valorará a viabilidade de atender as demandas coa oferta de servizos existentes, polo que poden ter algunha variación na modalidade de tramitación que serán comunicadas no caso de que o organismo competente de mobilidade asuma a xestión de axudas ou alternativas de transporte.

A modo indicativo quedan expresamente excluídos para estas axudas :

- Cando a escolarización se efectúe en lugar distinto ao da súa residencia habitual, amparándose na adscrición de centro ou preferencia de escolarización por lugar de traballo dos pais ou centro escolar de procedencia adscrito.
- Cando a escolarización se basea na liberdade de elección de centro.
- Cando perciban axudas para o mesmo fin que cubra a totalidade dos gastos por parte de concellos ou outras entidades de carácter público.
- Cando poidan empregar a Tarxeta XENTE NOVA ou análogas de carácter municipal que permitan realizar todas as viaxes gratuítas.

Preferentemente o alumnado beneficiario destas axudas deberá empregar servizo regular de transporte de viaxeiros se o ten a súa disposición en horario axeitado e distancias respecto do centro escolar. No caso de que opte por outra modalidade de transporte se deberá acreditar a súa necesidade.

As solicitudes por discapacidade con dificultade acreditada para o emprego de transporte colectivo fóra das rutas establecidas, con problemática severa de carácter familiar para levar familiares ao alumnado deben xustificar a necesidade. Poderase autorizar o pago da axuda á familia para a contratación dun vehículo axeitado as necesidades demandadas. A tal fin requírese presuposto para a súa aprobación.

No suposto que empregue transporte público percibirá axuda de acordo co importe dos billetes ou abonos (impostos excluídos), excepto nos casos en que se poida empregar a Tarxeta Xente Nova que para poder recibir axuda deben acreditar o gasto suplementario realizado.

Casos a modo de exemplo:

- De non existir transporte escolar no centro e residir a mais de 2 km na zona de influencia.
- Non ter posibilidade de transporte por dificultade de acceso dos autobuses a certas localizacións.
- Que non haxa capacidade suficiente nos autobuses sendo usuario de dereito ou non existir correspondencia cos itinerarios establecidos con distancias superiores aos 2 km.
- Alumnos escolarizados forzosos que residan fora da área de influencia que non poidan aproveitar as liñas habilitadas.





SOLICITUDES E PRAZOS

Desde a Xefatura Territorial tramitaranse as solicitudes dos centros educativos cumprimentadas no anexo remitido ao efecto que se presentan:

- para o alumnado de F. P. Básica (que non sexan centros de educación especial) **ata o 15 de novembro de 2021,**
- resto do alumnado **ata o 27 de setembro de 2021.** Nos supostos de novas altas de escolarización forzosa con dereito a axuda individualizada deberá indicarse a data de incorporación ao centro para poder realizar a tramitación fora do prazo inicial.

No caso de novas altas de escolarización forzosa con dereito a axuda individualizada deberá indicarse a data de incorporación ao centro para poder realizar a tramitación fóra do prazo inicial.

Respecto á documentación complementaria requirida, non faría falta presentala se xa se presentou no curso anterior, salvo que cambiaran as circunstancias do alumnado con respecto ao curso pasado, este extremo debe manifestase no impreso de solicitude.

Conforme regula o artigo 28.7 da lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas “os interesados responsabilizaranse da veracidade da documentación que presenten”.

O importe pagarase proporcionalmente aos días lectivos de **asistencia efectiva con desprazamento ao centro** de acordo cos baremos de distancia e prezo de billetes que se establezan. Os centros educativos deberán certificar, coa sinatura do titular da dirección do centro, o número de días de asistencia efectiva dos alumnos/as ao centro educativo, nas datas que lle solicite o Servizo de Apoio aos Servizos Educativos.

No suposto de varios beneficiarios que compartan mesmo domicilio ou próximo, centro educativo e horario escolar calcularanse os importes con prorrogação do custe da ruta en función da modalidade de transporte en caso de ser necesario.

Contra as resolucións do xefe territorial autorizando ou denegando as axudas poderá interpoñerse recurso de alzada ante o Conselleiro de Cultura, Educación e Universidade no prazo dun mes segundo o artigo 122 da lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas.

O xefe territorial

Indalecio Cabana Leira
(asinado dixitalmente)





SOLICITUDE DE AXUDA INDIVIDUALIZADA TRANSPORTE ESCOLAR 2021-2022

CENTRO:				CONCELLO:				
DATOS PERSOAIS	APELIDOS (ALUMNO/A):			NOME:		NIF /NIE		
	APELIDOS (PAI/NAI/REPRESENTANTE LEGAL)			NOME:		NIF /NIE		
	DATA DE NACEMENTO	NECESIDADES EDUCATIVAS ESPECÍFICAS: SI <input type="radio"/> NON <input type="radio"/>		DISCAPACIDADE: >=33% SI <input type="radio"/> NON <input type="radio"/>		DISCAPACIDADE MOTÓRICA SI <input type="radio"/> NON <input type="radio"/>		
DATOS BANCARIOS	LEMBRE QUE O SOLICITANTE DEBER SER TITULAR OU COTITULAR DESTA CONTA							
	IBAN ES	ENTIDADE	OFICINA	DÍXITOS CONTROL	NÚMERO DE CONTA			
DOMICILIO FAMILIAR	RÚA:					Nº	PISO	ESC.
	CP:	LOCALIDADE	Nº TELÉFONO		CORREO-E:			
DATOS ACADÉMICOS	NIVEL EDUCATIVO	CURSO	FP BÁSICA, REPETIDORA/A: SI <input type="checkbox"/> NON <input type="checkbox"/>		IDADE COMENZO ESTUDOS DE FP.BÁSICA			
	TEN RESOLUCIÓN DE ESCOLARIZACIÓN OBRIGATORIA? SI <input type="radio"/> NON <input type="radio"/> (EN CASO AFIRMATIVO XUNTAR RESOLUCIÓN)			ESTÁ ESCOLARIZADO NO CENTRO QUE LLE CORRESPONDE POR ADSCRICIÓN? SI <input type="radio"/> NON <input type="radio"/>				
XUSTIFICACIÓN DA NECESIDADE DA AXUDA								
IMPOSIBILIDADE DE USAR RUTA DE TRANSPORTE ESCOLAR? SI <input type="radio"/> NON <input type="radio"/>								
DISTANCIA DENDE O DOMICILIO ATA O CENTRO ESCOLAR OU Á PARADA MÁIS PRÓXIMA Km								
PRECISA ACOMPAÑANTE: SI <input type="radio"/> NON <input type="radio"/>		CUSTO DO BILLETE		€ POR VIAXE	Nº DE VIAXES		AO DÍA	
TRANSPORTE QUE EMPREGA								
AUTOBÚS (Transporte regular acreditando imposibilidade de Tarxeta Xente Nova) <input type="radio"/>		VEHÍCULO PARTICULAR + BUS <input type="radio"/>		VEHÍCULO PARTICULAR <input type="radio"/>		OUTROS ESPECIFICAR: <input type="radio"/>		
DECLARACIÓN RESPONSABLE DO SOLICITANTE (MAIOR DE IDADE), NAI/NAI OU REPRESENTANTE LEGAL								
DON/A.								
DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE QUE:								
<ol style="list-style-type: none"> 1. O SOLICITANTE É USUARIO LEXÍTIMO E NON PODE FACER USO DO TRANSPORTE ESCOLAR COLECTIVO 2. RENUNCIA A OUTRAS AXUDAS PARA O MESMO FIN 3. AUTORIZA AO SERVIZO COMPETENTE EN MATERIA DE TRANSPORTE ESCOLAR A COMPROBACIÓN DOS DATOS NOUTRAS ADMINISTRACIÓNS RELATIVOS A ESTE PROCEDEMENTO 4. QUEDA SOMETIDO A VERIFICACIÓNS QUE O SERVIZO DE RECURSOS EDUCATIVOS COMPLEMENTARIO CONSIDERE OPORTUNAS. 5. OS DATOS QUE ACHEGA NA SOLICITUDE SON CERTOS 								
ASINO A PRESENTE DECLARACIÓN E A SOLICITUDE EN A DE 2021								



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE

Xefatura Territorial da Coruña

Servizo de Apoio aos Servizos Educativos

Edificio Administrativo de Monelos

Praza de Luís Seoane, s/n

15071 - A Coruña

Tel.: 981 184 784

rec.educacion.coruna@xunta.es

galicia

OUTRAS CIRCUNSTANCIAS A TER EN CONTA:

Vº E PR. O/A DIRECTOR/A DO CENTRO
CERTIFICO QUE OS DATOS ACADÉMICOS SON CORRECTOS

ASDO. (SINATURA E SELO)

A CUMPRIMENTAR POLA ADMINISTRACIÓN

CONCEDIDA

DENEGADA

FORÁ DE ZONA

DISTANCIA:

OUTRA AXUDA

BACHARELAO OU CICLOS FORMATIVOS

OUTROS (ESPECIFICAR)